

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DEZAOITO DE XUÑO DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros	D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
	D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a : MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a : M ^a . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
	D ^a . XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA
Escusa asistencia	D ^a . ANA BELÉN PICÓN COTOS
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día dezaeito de xuño de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (21/05/2009)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e un de maio do ano que andamos.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG di que no punto 3º, relativo á aprobación das bases para a contratación de persoal laboral, na súa exposición dixo que ía votar a favor da proposta de que as bases para a contratación de persoal temporal fosen aprobadas pola Xunta de Goberno, previo informe da Comisión Informativa correspondente, pero que as bases para prazas fixas deben ser aprobadas polo Pleno.

De seguido apróbase a acta por unanimidade dos asistentes



2º.- Acordo, se procede, sobre moción do PSdeG-PSOE solicitando un Plan de Investimento Local á Xunta de Galicia

Dáse conta da moción presentada polo PSdeG-PSOE na que se expón que a economía mundial está a atravesar unha crise sen precedentes na súa historia recente, sendo o desemprego a consecuencia máis notable e máis penosa que afecta a un importante número de traballadores/as do noso país

Para paliar a mesma o anterior goberno da Xunta adoptou unha serie de medidas dinamizadoras da economía galega, de apoio ás empresas e de respaldo ós sectores máis sensibles á crise como o do automobil, ou o da pizarra, e o goberno central, consciente de que a administración local era a que ía sufrir máis a crise e a que mellor podía contribuir á creación de emprego, creou o chamado Plan E, que lle permitiu ós concellos realizar obras de renovación de infraestruturas, equipamentos, creación de servizos públicos....etc ó tempo que creaba emprego e mantiña a actividade económica de miles de pequenas e medianas empresas en toda España

Dado que o Presidente do Goberno anunciou no discurso do Debate do Estado da Nación que o vindeiro ano se aprobará un novo Plan de Investimento Local e varias Comunidades Autónomas asumiron tamén a responsabilidade de apoiar e respaldar ós concellos neste Plan, para crear emprego, manter a actividade económica das empresas do ámbito da construción, desenvolver equipamentos e servizos públicos de interese e permitir unha renovación axeitada de vilas, pobos e cidades.

Por todo iso solicítase a adopción dos seguintes acordos:

1.- Instar ó Goberno galego e presentar un Plan de Investimento Local, por unha cantidade ó menos semellante á que lle corresponda a Galicia no novo Plan de Goberno de España.

2.- Crear un Programa de Promoción de Emprego de ámbito local específico para parados de longa duración

3.- Manter o incremento de financiación local como se fixo os últimos anos, dende o acordo do Pacto Local.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE di que a moción explícase por si mesma, que se recibiu o Fondo Estatal e que agora se demanda do goberno autonómico un semellante ó estatal que sería moi beneficioso para o concello e para os veciños, polo que agarda o apoio de todos os grupos políticos.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG di que para o seu partido o goberno galego é fundamental para decidir ese tipo de políticas, que nunca se debe inhibir ante unha situación de crise e debe ser un motor que axude ó funcionamento dos concellos, polo que o seu voto vai ser a favor

O Sr. Alvela de TEGA di que todo que o sexa pedir para o concello, en principio é bo para os veciños, ó ser a administración máis cercana, pero sendo solidario e tendo en conta que os recursos son limitados, e que existen servizos de suma importancia como a sanidade, ofrécelle dúbidas a cerca da procedencia dos fondos precisos sen gravar ós veciños, polo que vai absterse na votación



O Sr. Martínez do PP expón que discrepa de parte do exposto na exposición de motivos na moción, considerando que atribuir dun xeito exclusivo a orixa de crise no sector financeiro de USA parécelle simplista, de feito o nivel de paro existente en España é claramente superior ó resto de países, ó que demostra que as políticas levadas a cabo polo Sr. Zapatero non foron as axeitadas e teñen algo que ver na mesma.

Di que o Fondo Estatal efectivamente supuxo a realización dunha serie de investimentos pero que , en absoluto, mellorou as finanzas do concello e en canto ó Pacto Local o goberno do Partido Popular manifestou o seu compromiso cos concellos e vai avanzar no desenvolvemento do mesmo, liberando ós concellos de custos que agora están a soportar e incrementar o financiamento dos mesmos negociando un novo modelo

Malia o exposto anteriormente manifesta que o seu grupo vai absterse na votación, porque todo o que supoña ingresos para o concello será ben recibido

Intervén de novo o Sr. Sánchez e di que a postura do PP sóalle a disculpa de mal pagador e que dado que utiliza argumentos de partido expón que para nada está de acordo con que en época de crise hai que reducir o gasto público, preguntándolle cales son as capas de poboación que están a sufrir máis a crise, porque dende logo a redistribución da renda só se pode facer a través de recursos públicos

Por último di que o Pacto Local é algo que se leva falando dende fai tempo e que a moción presentada polo seu grupo, no que se refire ós acordos , son absolutamente razoables e debería ter o apoio de todos os grupos políticos

Posta a votación a citada moción apróbase con 7 votos a favor do PSdeG-PSOE e BNG, e 6 abstencións do PP e TEGA

3º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG de apoio ó sector lácteo

Dáse conta da moción presentada polo BNG na que se expón que o sector agrario segue a ser un eixe de vital importancia na economía galega e dentro da produción láctea representa arredor dun 28% do conxunto da produción agraria galega, e se ben a evolución da produción en Galicia ó longo das campañas que van dende 2005 a 2008 amosan a vocación de permanencia das explotacións lácteas galegas, pasando a significar o leite das mesmas o 38% das entregas á industria do Estado español, fronte ó 35% que significaba a comezos de 2006, a recente modificación da regulación comunitaria do sector lácteo , co horizonte da liberalización da produción de leite en 2015 precedido dun incremento lineal de cota a todos os estados produtores da Unión Europea, incluídos os excedentarios, vén de sementar incertidume no sector, así como un drástico recorte de prezos percibidos polos gandeiros e gandeiras, poñendo ó límite a supervivencia de moitas explotacións leiteiras de moitos concellos galegos.

Por todo iso propónse a adopción polo Pleno dos seguintes acordos:

1.- Instar á Xunta de Galicia, ó Goberno Central, así como ó Parlamento Galego e ó Congreso dos Deputados para que adopten as seguintes medidas para facer fronte con carácter inmediato á conxuntura actual:

A)Garantir a recollida de todo o leite producido nas explotacións galegas, impulsando, no seu caso, medidas excepcionais de intervención pública que man-



teñan un prezo digno do leite na liña dos xa aprobados noutros sectores para facer fronte á crise

B) Establecer unha axuda directa con carácter urxente e excepcional para as explotacións lácteas destinada a compensar as perdas que están a sufrir mentres non se recuperen os prezos en orixe do leite

C) Intensificar a coordinación de todas as administracións competentes no control das importacións masivas de produtos lácteos, evitando as prácticas comerciais fraudulentas de vendas por baixo dos custos de produción, así como o emprego pola distribución comercial do prezo do leite como produto reclamo

2.- Impulsar, durante a Presidencia española da UE, a revisión da regulación do sector lácteo a nivel comunitario para asegurar a viabilidade futura das explotacións lácteas de Galiza:

A) Revisar o incremento lineal de cotas lácteas, de xeito que o aumento da cota se dirixa unicamente a aqueles Estados que teñen unha cota moi inferior ó seu consumo interno e nos que existen segmentos importantes de explotacións, como é o caso de Galiza, que necesitan máis cota para ser viábeis

B) Rectificar a decisión de liberalización das cotas lácteas após 2015, defendendo o seu mantemento como mecanismo de control da produción xunto coa distribución dos dereitos de produción a nivel europeo tendo en conta o balanço entre produción e consumo dos diferentes Estados.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG expón que o sector lácteo está a sufrir un novo golpe, ó que non é alleo as políticas da Comunidade Europea, co silencio do Estado Español, como é o incremento lineal de cotas.

En Vedra- di- existían anteriormente explotacións lácteas e hoxe en día non hai practicamente ningunha, que é unha boa mostra de que soamente sobreviviron as máis grandes, as que conseguiron competir, por existir unha política de cotas, que en si non é mala, pero que a súa aplicación deixa a Galicia cunha cota inferior á súa capacidade de produción e tendo en conta que a demanda no Estado Español é superior ten que abastecerse coa produción doutros países.


Agora quérese eliminar o sistema de cotas e mentres tanto subir de forma lineal as cotas a todos os estados, se ter en conta os criterios de produción e os mercados de cada un deles, co cal seguimos co agravio , e así países como Francia , que teñen un excedente de produción envían a España a baixo custo

Sinala que se se deixa fundir un sector tan importante como o lácteo, tamén se funde o sector agrario, as aldeas, o medio ambiente....etc.

Para rematar di que con esta moción solicítaselle ós distintos gobernos para que adopten unha serie de medidas que palien dalgún xeito o ataque directo que está a sufrir por esta guerra de prezos o sector lácteo e impulsar cambios aproveitando a Presidencia do Estado Español na Unión Europea na regulación e que se aplique doutro xeito o sistema de cotas

O Sr. Alvela de TEGA di que é un tema que se dirime en Europa pero que as consecuencias sófrense aquí directamente, que o sistema de cotas foi sempre inxusto, en xeral para España e particularmente para Galicia.

Sinala que pasaron xa moitos gobernos e a cousa complícase, que o BNG tamén tivo representación e que debe ser complicado de solucionar, pero que o



que se propón na moción lle parece xusto e que está de acordo, polo que votará a favor.

O Sr. Martínez do PP expón que é certo que o problema existe no sector lácteo e que todo o que sexa intentar solucións ó problema o PP está de acordo, facendo unha serie de matizacións políticas, como que o BNG critique o goberno cando durante moitos anos o estivo apoiando e que no último goberno bipartito se intentou vender un gran grupo lácteo gallego, que non saiu adiante

Sinala tamén que o seu voto será favorable coa salvidade técnica do solicitado no punto b , pois entende que a lexislación europea prohibe as axudas directas, polo que non pode apoiar algo que estea en contra da normativa europea.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE di que o seu grupo está totalmente de acordo coa moción polo que o seu voto será favorable, estando de acordo coa salvidade técnica do Sr. Martínez ó punto b, sobre todo tendo en conta que o sector agrario se leva a cabo a maior parte dos orzamentos da Unión Europea e co sistema de cotas e axudas preténdese eliminar a competencia desleal.

Dona Xosefina R. Guitián intervén de novo e di que dado que non se ten a certeza de que o punto b vaia en contra da normativa mantén a redacción da moción

Posta a votación a citada moción apróbase por unanimidade dos asistentes

4.- Acordo, se procede, sobre moción do PP relativa ás taxas pola acometida á rede de saneamento

Dáse conta da moción presentada polo PP na que expón que ante a aprobación pola Xunta de Goberno o pasado 2 de xuño dun prezo de acometida á rede municipal de saneamento por importe de 600 euros, o grupo PP non está de acordo co citado acordo ó non ter claro cal é a normativa utilizada nin que tipo de tributo se trata: prezo público, taxa, contribución especial, ...etc

Expón tamén que o grupo municipal do PP é consciente de que están ante feitos que poden ser regulados polas correspondentes ordenanzas fiscais, pero que non están de acordo coa contía de 600 euros establecida de présa e correndo polo concello, nin co método utilizado, recordándolle ó concello ademais que unha taxa é unha compensación pola prestación dun servizo pero non un tributo para sufragar a súa implantación, cuestión que atinxe á política xeral de recursos dos concellos

Por todo iso solicita:

1º.- Que de establecerse algunha modificación da normativa dos sumidoiros se faga polo procedemento correcto e por tanto que se someta ó Pleno do Concello.

2º.- Que no concreto caso da taxa por acometida á rede de sumidoiros que se estableza, que a mesma non poida ser aplicada antes de que o servizo estea establecido

3º.- Que igualmente, se regule unha ampla bonificación ou redución a aplicar en dita taxa por acometida á rede de sumidoiros no suposto que se solicite dita acometida polos particulares durante a execución das obras da instalación xeral. Resulta evidente non só a facilidade e o aforro en costes de realizar acometidas cando se fai a obra xeral, senón que tamén cumpriría a función social de animar á xente a conectarse (resolvendo así gran parte de problemas medioambientais e ve-

ciñais) ademais de garantir ingresos públicos no concello de maneira permanente e continuada nos vindeiros anos

4º.- Asimesmo que se admitan nesta taxa as exencións e bonificacións que en base á xustiza social veñan establecidas en normas con rango de lei

5º.- Que as bonificacións, reducións e exencións das que se fala nos puntos 3º e 4º tamén sexan as acometidas no abastecemento.

Intervén o Sr. Martínez do PP e fai unha explicación da moción presentada polo seu grupo ante a situación que xurdiu agora coas obras de saneamento que está a levar a cabo o concello e dada a inexistencia dun cadro de prezos de acometida á rede por parte dos particulares

Di que se alegra do acordo acadado entre todos os grupos na Xunta de Voceiros celebrada inmediatamente anterior a este pleno, de modificar a ordenanza fiscal reguladora da taxa por rede de sumidoiros e incluír un cadro de prezos estudado e debatido por todos os grupos que sexa igual para todos os veciños de Vedra

Depois da intervención dos distintos voceiros, o PP retira a moción para votar unha proposta consensuada entre todos os grupos na Xunta de Voceiros

5º.- Acordo, se procede, sobre proposta dos grupos municipais en relación a moción do PP sobre taxas pola acometida á rede de sumidoiros

Apróbase a urxencia deste punto por unanimidade dos asistentes

De seguido dáse conta da seguinte proposta consensuada por todos os grupos políticos municipais na Xunta de Voceiros sobre da taxa pola acometida á rede de sumidoiros:

Primeiro.- Modificar a ordenanza fiscal da rede de sumidoiros incluíndo nela unha táboa de prezos acordado entre os grupos, asesoramento dos técnicos e que recolla os impostos que deben aboar os veciños para cada enganche

Segundo.- En relación cos prezos establecidos nas obras que se están a executar acórdase que de resultar a ordenanza fiscal máis beneficiosa que o concello lle compense ós veciños afectados a diferenza

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta


6º.- Contestación ás preguntas formuladas no pleno anterior

--Ás preguntas de don Manuel Costa do PP, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre da concesión dunha axuda á aula de teatro do CPI de Vedra, di que xa se lle concedeu

2.- Sobre do pagamento por parte do concello de axudas de custo e desprazamento para impartir clases de baile rexional en San Xián, di que non existe convenio, que se lle concede esa axuda dado que é a única escola de gaitas existente no concello, e que se * que se asinara un convenio como se fixo coa Escola de Música de Santa Cruz e se fará coa Escola de Música de Vedra

3.- Sobre dos terreos situados ó lado da casa de cultura de San Miguel de Sarandón, di que xa lle contestou a pregunta ó Sr. Alvela do mes de abril e que de



momento non hai novas sobre deste tema, só que a Consellería está facendo alegacións para que os terreos non revirtan ó veciño que presentou a reclamación

4.- Sobre da situación actual das masas comúns, di que fai uns anos se fixo un pedimento das masas comúns que podían ter utilidade para o concello, tanto á Consellería de Mdio Rural como a Bantegal, e que algunha delas xa foi cedida provisionalmente ó concello como a de Santa Cruz de Ribadulla como a de Ponte Ulla para a ampliación do cemiterio parroquial. Di que é un tema lento e que efectivamente existe risco de que algún veciño prexudicado presente un contencioso ou que reclame e que lle concedan como compensación unha masa común

5.- En canto ó ensanchamento da estrada Oza- Cibrán , di que as obras chegan ata o ramal Romarís -Cibrán e que é difícil que chegue ata o campo da festa dado que xa se intentou cos veciños afectados para que cedesen os terreos, incluso comprometéndose a facerlle os muros

6.- Sobre da realización dun estudo de todo o tramo da vía férrea que pasa polo concello e se concretara os lugares onde ben polo tránsito de peóns ou vehículos se facía urxente a instalación de medidas de seguridade, di que xa se solicitou e que se está á espera de recibilo

--Ás preguntas de dona Xosefina R. Guitián do BNG, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre do arranxo da Casa da Irmandade de Santa Cruz , di que na convocatoria da Xunta non ten cabida esa casa, xa que está dirixida a outro tipo de elementos.

2.- En canto á existencia dunha vertedoiro en Manteles, di que é unha finca privada, do Sr. Vázquez que se fixo como recheo da mesma, e que non se viu ningún tipo de chatarra, só escombros

3.- En relación á pregunta sobre da adxudicación de prazas na gardería municipal formulada no escrito num. 1019, contéstalle que "como ten solicitado acceso á documentación por escrito, que lle pode ser de máis utilidade que a miña explicación, dada a súa recoñecida experiencia sobre este tema que tanto parece preocuparlle, non lle vou a contestar polo miúdo agora, para non ser reiterativo

Primeiro, como é lóxico e racional, examine a documentación e logo faga as súas conclusións e non ó revés como é habitual en vostede, eso se o que quere realmente é aclarar o caso concreto, cousa que non parece.

E dígolle isto porque tamén onte presentou un escrito sobre o regulamento da gardería afirmando, como case sempre sen base, que non estaba exposto no taboleiro, nen tan sequera preguntou. Ese regulamento e a súa modificación sí están expostos e así o demostra unha dilixencia feita no momento inmediato á súa solicitude. Vostede confunde o Pleno con outro tipo de actividades e non lle veñen sendo a mesma cousa.

De todos os xeitos, e para a súa tranquilidade, contestareille que o proceso foi totalmente regular e atenente coas disposicións vixentes ó respecto, outra cousa é que algún particular, de boa fé, fixese a súa propia valoración en base a un regulamento que non está vixente."

Por último contéstalle que a Comisión de Baremación existiu e que a Directora da gardería foi convocada

4.- En canto ó horario do Sr. Secretario da Corporación , contéstalle o seguinte:



“ Non é o habitual preguntar por escrito ou nun pleno o horario dun determinado funcionario, salvo que a verdadeira intención non estea realmente en saber o horario, neste caso tratándose do Secretario, o normal houbera sido que de paso que se lle consultan outros asuntos, preguntarllo a él mesmo, en principio.

Tampouco é habitual esixirlle directamente documentación a un funcionario con palabras fóra de tono, como vén facendo a concelleira do BNG.

Tampouco era habitual neste concello que funcionarios se queixen por escrito da falta de consideración cara o seu traballo profesional.

Así pois, e aínda tendo en conta a intencionalidade da mesma, contestarei-lle á súa pregunta:

O Secretario asiste practicamente a todas as reunións de órganos municipais, reunións que as veces rematan a altas horas, e moitas non teñen día concreto, co cal o Secretario ten que ter plena dispoñibilidade, cuestión que non se lle exige con esa habitualidade ó resto dos funcionarios.

Ademais destas reunións o Secretario asiste a outras informais para temas puntuais e algunhas tardes traballa no seu despacho de *motu proprio*, como nos consta alomenos ós membros do grupo de goberno.

Tamén é frecuente que o Secretario se leve documentación, por razón da urxencia, ou boletíns, artigos, disposicións publicadas, e prepare tamén documentación fóra do horario e da casa consistorial e iso porque a dinámica do día a día, con reunións, firmas e demais, ás veces impídille centrarse nestes temas durante as horas de despacho.

Dende sempre, ó igual que noutros concellos, o horario do Secretario é máis flexible que o dos demais funcionarios polos motivos expostos.

Así mesmo, o Secretario non ten horario de verán como os demais funcionarios xa que neses tres meses tamén hai reunións que se seguen a facer polas tardes.

Ás veces, tamén o Secretario realiza xestións a primeira hora da mañán evitando con iso volver a Santiago durante as horas de oficina e perder así máis tempo.


Por todo isto, entendo que co exposto se xustifica unha certa flexibilidade horaria que para nada merma as súas funcións.

Por si o exposto non fora suficiente, tamén a maiores informarlle que todos os anos o Secretario deste concello vén de renunciar a vacacións e días de asuntos propios, e así como exemplos no ano 2003 renunciou expresamente a 6 días de asuntos propios e, por recorrer a anos inmediatos, no ano 2007 renunciou a unha semana de vacacións e tamén a días de asuntos propios, no pasado 2008 renunciou a unha semana de vacacións e a 10 días de asuntos propios.”

7º.- Rogos e preguntas

--Dona Xosefina R. Guitián do BNG formula os seguintes rogos e preguntas

1.- En canto á súa contestación sobre do horario dun funcionario, di que lle parece correcto e máis sinxelo dicir que ten un horario flexible en función das reunións e de outro tipo de temas. En canto a que porque o pregunto en pleno é pro facer público algo que preguntei nas oficinas, por escrito, e que ten dereito a facelo público como queira, e unha das formas e preguntar en pleno o que considere que non se está a facer con regularidade e transparencia e coa debida dilixencia.



Di que ten claro que se as cousas funcionan así é responsabilidade do grupo de goberno

2.- En Xunta de Goberno de data 26/05/2009 aprobouse unha factura por orella de porco, que entende é para a Festa da Orella de San Fins e xa preguntou noutro pleno por unha factura de comidas na Festa do Viño , polo que reitera se informe se existe unha nova política de axudas ás festas gastronómicas do concello e se é igual para todas.

3.- Na mesma Xunta de Goberno aprobouse unha factura do Restaurante Vella Verde por unha comida sen especificar o motivo, que lle gustaría coñecer.

4.- Na citada Xunta de Goberno tamén se aprobaron facturas de Topodex por planos dos proxectos do saneamento xeral do concello, Fase I e Fase II. Vistos os proxectos no concello non se acompañan planos diferentes ós do ano 2005. A que planos se refiren?

5.- Segue indo lenta a transparencia do concello en canto a ordenanzas e regulamentos aprobados. Así seguen se estar colgados na páxina web do concello o seguintes regulamentos: locais e salóns de actos das casas de cultura; regulamento do pavillón municipal; regulamento da escola infantil municipal; polo que rogo se colguen na páxina web do concello xunto coas ordenanzas e acordos ,e unha vez máis, solicita que cos publicación dos mesmos se faga referencia ó boletín de aprobación definitiva deles

Di tamén que determinados regulamentos deben estar publicados nos taboleiros de anuncios, como é caso do do pavillón municipal, que non está

6.- Cando se van a someter a exposición pública os proxectos de multiusos de San Fins de Sales ou o de aseos e edificio multiusos na área recreativa do campo da festa de San Miguel de Sarandón, cuxas facturas se aprobaron recentemente?


Roga tamén que a exposición pública dos proxectos se anuncie no boletín do concello, na páxina web e no servizo de novas, dado que os veciños non poden estar pendentes das distintas publicacións e moitas veces cando se enteran xa rematou o periodo de exposición

7.- Roga que de cara a xullo se elaboren as memorias das actuacións deportivas deste ano e as directrices do vindeiro curso tal e como establece o regulamento do pavillón municipal

8.- No pleno do 21/05/09 contestouse respecto dos problemas de saneamento das vivendas do complexo de Xián- Trobe, que se ía falar con don Javier Curras da Promotora para que informase. Falouse con este Sr.? Informou de posibles solucións? Mentres non se solucione como xustifica o concello a contaminación de augas existente?

9.- Tendo denuncias dos veciños de que nas oficinas non se lle facilitou copia do regulamento da escola infantil municipal sen pedilo por escrito, o mesmo que lle pasa a ela coa copia do convenio do Museo Modesto Paz Camps, entende que incumprindo o ROF e o regulamento de participación veciñal. Roga se informe de cales son as normas de rango superior que impiden o acceso directo a determinada documentación e que se fixen uns criterios claros sobre do acceso á documentación e deixar este debate ridículo que dá unha mala imaxe do concello

Tamén e en canto ó acceso á documentación, pregunta polo motivo de cita-la a unha determinada hora, cando informou a este concello que o seu horario de traballo era de 8:00- -15:00 horas e solicitou que se lle facilitasen as cousas para poder examinar a documentación a 1ª hora da mañán ou outro sistema para que as cousas fosen máis doadas



10.- Cando se van a publicar as bases das prazas afectadas pola oferta de emprego público do concello do 2005 e anuladas por Resolución Xudicial? Xa pasaron dous meses que daba a sentenza, e debía estar previsto

Solicita tamén que se publiquen as prazas da oferta pública de 2006

Porque non se dá conta desta sentenza en pleno como se fixo anteriormente cunha sentenza favorable para o concello?

11.- Ofertaranse este ano clases de teatro no boletín ou dá o concello por perdido o proxecto de ter unha escola de teatro municipal?

-- Don José Alvela de Tega pregunta:

1.- Como está o asunto do TDT, pois en Santiago e comarca o apagón estaba previsto para este mes?

2.- Roga que o concello faga as xestións oportunas para que o MOPU limpe os terreos que están ó carón dos Palmeiros en Santa Cruz?

3.- En relación coa masa común de San Miguel dá lectura a unha comunicación do Xefe de Servizos de Estructuras Rurais, de abril de 2000, no que se recoñece a AA.VV. De San Miguel que solicitaba unha serie de permutas coa finalidade de dotar á parroquia dun campo de deportes, aparcadoiro, etc, e resolvendo incrementar a masa común e compensaba ós propietarios afectados con outras parcelas, sinalando que é importante que o concello teña constancia da mesma á hora de defender o asunto

--Don Carlos Martínez Carrillo do PP formula as seguintes preguntas:

1.- Como está o tema dos parques infantís?. Para cando se prevé a súa construción?

2.- En relación á Semana de Vedra no Corte Inglés , a que empresas se invitou a participar na mesma? Rogamos unha relación escrita das mesmas. Que criterios de utilizou?

Asimesmo formula os seguintes rogos:

1.- Rogamos que se poñan todos os recursos, se optimize, se programe, se coordine e se axilice a limpeza e desbroce dos camiños e pistas das distintas parroquias do concello dado que en moitos casos da pena velos e nalgún caso faise difícil o seu tránsito polo mesmo (por exemplo en Merín e outras)

Neste caso igualmente solicitamos a limpeza das distintas fontes e lavadouis das distintas parroquias do concello así como de aqueles camiños transitados pero que non entra o tractor municipal

2.- Rogamos se programe e se faga de forma inmediata a coloación de puntos de luz en:

-camiño que une Sete e Tomonde en Santa Cruz

-Pista polideportiva de Paradela en San Xián (para conseguir un maior aproveitamento da mesma)

-Xunto a marquesiña de parada do bus no lugar de Sales en San Fins

3.- Solicitamos se fagan as xestións necesarias para o acondicionamento do muíño de Sete (Peiteado) en Santa Cruz, a sí como do tramo da estrada vella da N-



525 (diante de Muebles Ulla) para facer deste un área de descanso e lecer con bancos, etc, solicitadas xa polos veciños

4.- Solicitamos igualmente que na costa de Lombaos en santa Cruz, na última curva antes de acceder á estrada provincial, a mesma se canalice adecuadamente

5.- Solicitamos en Tomonde, xunto á capela e diante da casa de Nogueiras, e dado que polas obras feitas alí agora desviase parte das augas da pista para dita casa, que se acondicione minimamente a zona de dominio público (a pista) para que as augas deriven na gábia e non nas entradas dos veciños

6.- Rogamos se rematen as pistas que empezaron a arranxar na parroquia de Vedra e igualmente volvemos a solicitar se repare canto antes a pista que vai dende a aldea de Recarei ata a casa de Jesús Sinde Parada que está chea de buratos por todos os lados

7.- Solicitamos que se acometa en vindeiros programas de actuación unha nova pavimentación para o campo da festa de Vedra, onde igualmente se pinten campos de xogo e se instalen elementos para a práctica deportiva (porterias, canastras, etc) para dinamizar así durante todo o ano un espazo público

8.- Rogamos cambien a marquesiña de Trasariz e arranxen a de Rozadela

9.- Volvemos a solicitar se sufraguen os gastos de subministro eléctrico do local social de San Xián como se viña facendo dende fai anos


10.- Solicitamos de novo o arranxo dos locais das escolas de San Xián e a súa cesión ás asociacións da parroquia para ubrir as demandas neste tipo de infraestructuras ó tempo que se adecentan uns locais no centro da parroquia que están nun estado lamentable. Esta demanda xa foi presentada en varias ocasións polos veciños. Aquí tamén solicitamos se comeze a estudar as posibilidades de arranxo da escola de San Mamede

11.- Fai cousa dun mes a empresa OVIGA fixo a limpeza das gábias da pista que vai de Chao de Cartas (dende a fábrica de madeira de Lema) ata o campo da festa de Merín. Pois ben, ao limpar as cunetas nos muros das fincas e debido á choiva esta terra está caendo novamente para as cunetas co cal a limpeza valeu de ben pouco. Outra moita terra en vez de retirala nun camión o que fixeron foi darlle ca pala e tirala nas fincas dos veciños que lles era máis fácil que sacala, polo cal queremos que esta terra que está nas fincas sexa retirada canto antes.

12.- A forza de parecer pesado seguimos insistindo que o Concello se faga cargo da limpeza do local social de Merín, pois aínda que o Sr. Alcalde contestou no Pleno de abril que non se está a levar a cabo a dita limpeza porque dito local está pechado e só se utiliza para actos esporádicos, o certo é que o local sí se está utilizando, e ademais de utilizalo a parroquia tamén está habendo reunións e actos alí de xente que non é da parroquia de Merín, co cal non pretenderá o Concello que os veciños de Merín limpen un local que é do Concello e que está sendo utilizado por outra xente de fóra da parroquia de Merí e supoño que tampouco quererá o Concello que cando alí se faga calquer tipo de acto o local esté sucio e que os aseos estean inutilizables por falta de limpeza, polo cal rogamus que se lle busque unha solución.

--Don Manuel Costa Carneiro do PP formula os seguintes rogos:

1.- Varios veciños transmitíronnos a solicitude de limpeza de polas de árbores e matorrais que están por riba das pistas municipais e que agravan a circula-



ción dos camións, especialmente cando chove xa que están máis baixas co peso da choiva e baten nos camións causando desperfectos, por iso solicitamos que se proceda á súa limpeza coa brigada verde municipal.

2.- Sr. Alcalde a colocación de taboleiros para pegar carteis foi unha boa xestión do seu goberno polo que o temos solicitado e agora volvemos a facelo por escrito. Proba diso é a grande utilización por parte de veciños, colectivos e asociacións. Por iso viñamos reclamando e hoxe facémolo outra vez a colocación destes taboleiros nos lugares do concello onde non os haxa e se estude a substitución dos corchos deteriorados por outros novos e por outro material máis resistente aos fenómenos meteorolóxicos.

8º.- Rogos e preguntas veciñais

A Presidencia, ó abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación veciñal, aprobado definitivamente e publicado no BOP num. 68/08, do 25 de marzo do ano que andamos, establece un turno de rogos e preguntas co público asistente á sesión.

--Don Inocencio Álvarez , en calidade de Presidente da Asociación de Veciños da parroquia de Santa Cruz de Ribadulla, pregunta se dende o concello se fixo algún tipo de estudio en canto ó plan de prevención de incendios de cara á tempada que se aproxima, o tempo que sinala se non sería máis factible estudar a solución na súa orixe .

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e trinta minutos

